


00327



ANTEPROIEUTO

de

estatutos

INTRODUCCION

O SINDICATO NACIONAL DAS COMISIONS OBREIRAS DE GALICIA forma parte da CONFEDERACION SINDICAL DE COMISIONS OBREIRAS.— Pero, como o seu nome indica, é un SINDICATO NACIONAL que trata de abordar e resolver a problemática que os traballadores galegos temos.

Galicia é unha nación fruto de: un desenrolo histórico peculiar, unha lingua e unha cultura propia, unha sicoloxía i ecoloxía particular. Sometida a unha opresión nacional. E son os traballadores galegos, os que traballan en Galicia, os que fundamentalmente sofren de forma directa as consecuencias desta opresión nacional que dende fáí séculos se padeceu.

A opresión nacional de Galicia ten vértentes ven definidas: A socio-económica, a cultural e a política.

E compartindo os problemas xerais que afetan a toda a clase obreira dos pobos do Estado español, Galicia ten os seus problemas específicos:

- Dependencia económica
- Atraso no campo galego
- Opresión cultural e lingüística
- A emigración
- Raquitismo industrial
- Baixo nivel cultural
- Un paro endémico
- E outros

Pero, tendo en conta o feito diferencial que como galegos temos, hai que ter presente os vínculos que nos unen coa clase obreira de todo o Estado español, e a solución ós nosos problemas é unha solución de CLASE. Soio coa emancipación da clase obreira, coa liberación da explotación, coa supresión da sociedade capitalista, poden ter solucións os problemas que, como galegos temos i esto non podemos conquerilo os traballadores galegos soios, ten que conquerirlo toda a clase obreira do Estado español. Polo dito non existe ningunha contradición, sinón todo o contrario, entre un sindicato a nivel nacional e un sindicato a nivel do Estado.

Propoñemos a tódolos traballadores galegos, e que traballan en Galicia os ANTI-PROIETOS de ESTATUTOS e PROGRAMA MINIMO de SINDICATO NACIONAL das CC.OO. de GALICIA en base ós da CONFEDERACION SINDICAL de CC.OO., recollendo a problemática nacional de Galicia.

Secretariado do Sindicato Nacional
das CC.OO. de GALICIA

ANTEPROIEUTO DE ESTATUTOS

DEFINICION DE PRINCIPIOS

O SINDICATO NACIONAL DE COMISIONS OBREIRAS DE GALICIA é un Sindicato de novo tipo que recolle as características que o movemento organizado de CC.OO. ten desenrolado ó longo destes anos como expresión da loita dos traballadores contra o capital e o réxime dictatorial que abafou ós pobos do Estado español durante corenta anos.

Os principios fundamentais que inspiran o seu funcionamento son:

REIVINDICATIVO E DE CLASE.— Defende as reivindicacións inmediatas dos traballadores, e no seu seo poden participar tódolos traballadores manuais e intelectuais. Oriéntase cara a consecución da sociedade socialista na liberdade e sobre a base da autoxestión.

UNITARIO.— No seu seo poden coexistir distintas conceucións políticas, ideolóxicas e relixiosas. Mantén como oxetivo irrenunciable a procura da unidade sindical libremente decidida polos traballadores.

DEMOCRATICO.— Mantén como presuposto fundamental o respecto e garantía da democracia interna, baseada na práctica asamblearia ademais de respetar, defender e afondar a democracia no funcionamento das institucións políticas, na sociedade e no Estado.

INDEPENDENTE.— Do Estado, dos Partidos Políticos e de calquer grupo ou organización.

SOCIO-POLITICO.— Ademais de reivindicar a mellora das condicións de vida e de traballo de tódolos traballadores, asume a defensa de todo aquilo que lles compete como clase social na perspectiva da supresión de todo asoballamento nacional e da explotación do home polo home.

OUXETIVOS E CAMPO DE ACCION

Son oxetivos esenciais do Sindicato Nacional das CC.OO. de Galicia loitar por:

- a) A defensa dos intereses socioeconómicos, profesionais e morales de tódolos traballadores e a mellora constante das súas condicións de traballo e de vida.
- b) A conquista dos dereitos e liberdades sindicais, políticas e nacionais, e a loita constante contra todo intento de marxinar ou excluír ós traballadores da participación democrática na vida do país, e a consecución dunha sociedade socialista.

- c) O acceso á Cultura e ó ensino, a tódolos niveles, e a promoción e máis a defensa dun auténtico patrimonio cultural dos traballadores e dos pobos do Estado Español.
- d) A conquista dunha igualdade real prá muller, a promoción e defensa dos seus dereitos específicos contra todo asoballamento ou discriminación por motivación de sexo.
- e) A defensa dos dereitos específicos dos xóvenes traballadores.
- f) A intervención nos órgaos onde se toman as decisións que afectan ó conxunto da sociedade i especial entre ós traballadores e ás súas familias.
- g) A protección da saúde e da integridade física dos traballadores e a eficaz asistencia ós mesmos e ás súas familias no caso de invalidez, accidente, enfermidade, desocupación parcial ou total, vellez, hasta conquistar un completo sistema de Seguridade Social que termine coa discriminación dos traballadores do campo e de outros sectores e abranga a tódolos cidadáns.
- h) O pleno emprego (que elimine a emigración forzada), o desenvolvemento da economía, e xusta distribución da renda, o progreso técnico e científico, o progreso social e contra o desequilibrio comarcal en tódalas súas manifestacións.
- i) A plena afirmación do papel fundamental e insustituible que o Sindicato dos traballadores ten na feitura e no desenvolvemento dunha sociedade democrática.
- j) A solidariedade internacional dos traballadores, como é tradicional na historia do noso movemento sindical.

Pró Sindicato Nacional das CC.OO. de Galicia constitúe unha preocupación de primeiro rango na acción sindical, a conquista e máis a extensión dos dereitos sindicais na empresa i en tódolos ámbitos.

DA UNIDADE OBREIRA

Pró Sindicato Nacional das CC.OO. de Galicia, xuntamente coa liberdade, a unidade é o meirande ben da clase traballadora. Ningún traballador debe eludir o anaco que lle corresponde na loita da súa clase polas conquistas inmediatas hasta a súa total liberación, pois sabido é que tódolos traballadores se benefician da acción sindical.

O Sindicato nacional das CC.OO. de Galicia xulga como ouxetivo fundamental a consecución da unidade sindical orgánica dentro de Galicia e do territorio do Estado Español mediante a creación, no máis pequeno prazo posible, dunha Confederación unitaria que sexa a expresión libre e voluntaria dos traballadores e que unifique tódalas forzas sindicais, respetando as distintas experiencias e conceucións existentes. A esta Confederación poderán adherirse libremente tódolos traballadores do noso país.

A unidade sindical é un factor determinante, non soio do reforzamento do Sindicato e do seu poder de negociación, senon tamén da eficacia pra conquistar a emancipación dos traballadores. Por ésto, o Sindicato Nacional das CC.OO. de Galicia propónse consolidar i espallar a converxencia e as iniciativas unitarias xa feitas con outras Centrais de traballadores e o seu ulterior desenrolo no camiño cara á unidade sindical na liberdade.

Neste sentido comprométese a:

— Promover toda iniciativa que se encamiñe a favorecer a unidade de acción.
— Promover e xeneralizar a construción de formas unitarias de representación dos traballadores a partir das asembleas e dos organismos que os mesmos traballadores escollan democráticamente.

— O Sindicato Nacional das CC.OO. de Galicia propón ós traballadores e ás demais Centrais Sindicales a realización, na liberdade, dun Congreso Sindical Galego de Traballadores, constituínte e libre, na democracia, que recolla a aspiración unitaria da clase obreira e as súas organizacións sindicais.

SOBRE A INDEPENDENCIA DO SINDICATO

A independencia do Sindicato nacional das CC.OO. de Galicia exprésase e garantíbase, fundamentalmente, por medio do máis amplo exercicio da democracia e da participación dos traballadores na vida interna do Sindicato; na elaboración, con absoluta independencia, da súa liña sociopolítica; no respecto as condicións que expresen os intereses particulares e xerais dos traballadores; co desenvolvemento da formación dos seus cadrís sindicais e co financiamento da organización sindical por parte dos traballadores.

As asembleas de traballadores e o respecto ás súas decisións tomadas por maioría, son o espiñazo desta independencia; a decisión da maioría é vencellante (vinculante) prós seus membros.

O Sindicato Nacional das CC.OO. de Galicia entende que a súa independencia non significa a negación do papel insustituíble dos Partidos políticos na súa propia esfera.

Por todo isto, o Sindicato Nacional das CC.OO. debe asumir as súas responsabilidades e dibuxar a súa liña de acción con independencia do Estado, dos Partidos políticos, dos poderes económicos ou de calquer outro interés alleo os seus fins. Rexeita, polo tanto, calquer conceución do Sindicato como correo de transmisión dos partidos.

DA SUA CONCEUCION DEMOCRATICA

Declaramos como principio fundamental do Sindicato nacional das CC.OO. de Galicia a igualdade de dereitos materiais e sindicais, baseada na solidariedade de clase entre os traballadores da industria, do campo, do mar, dos servizos, dos funcionarios da administración ou de calquera outra categoría de traballadores. Rexeitamos calquera discriminación de lingua, sexo, idade, raza ou ideoloxía, reclamando un fondo respecto as distintas conceucións filosóficas, políticas e relixiosas de cada ún dos traballadores.

Entendemos o funcionamento democrático do Sindicato do xeito seguinte:

— Que tódolos traballadores que acepten os principios do Sindicato nacional das CC.OO. teñan dereito a elixiren e seren elixidos. Cando un traballador sexa elixido e acepte ocupar postos do S.N. das CC.OO. de Galicia de ámbito superior o da empresa, terá que afiliarse o Sindicato.

— Que as actitudes e decisións adoptadas representen e respondan ó auténtico sentir dos traballadores e non exclusivamente ó sentir dos seus dirixentes ou grupos minoritarios.

—No interior do Sindicato é previsible a configuración de correntes de opinión, tanto ante as cuestións concretas como ante as de carácter máis xeneral. Tódolos afiliados teñen dereito a participaren na formación de tales posicións, sempre e cando non adquiran o carácter de correntes con nomes ou organizadas que poñan en perigo a unidade do Sindicato ou atenten contra os seus principios ou Estatutos.

—Nas Asambleas ou Congresos terán que ser tidas en conta, sobre a base de formulacións expresas, sempre que dispoñan do apoio de, polo menos, o dez por cento dos afiliados da organización de que se trate. Asimismo poderán expresarse libremente a través dos canles ordinarios das distintas organizacións.

—A afiliación ó Sindicato Nacional das CC.OO. de Galicia é un acto voluntario dos traballadores e realízase mediante a adquisición do carnet e o pago da cota do Sindicato a través de algunha das súas organizacións territoriais ou sectoriais.

—Causarase baixa no Sindicato por libre decisión do afiliado ou por impago de tres meses consecutivos.

Calquer afiliado ó Sindicato ten garantizada a plena liberdade de expresión, a manifestación, mesmo pública, de eventuais discrepancias respecto das decisións tomadas; o respecto ás súas opinións políticas, ideolóxicas e relixiosas.

—Tódolos postos de dirección son electivos.

—A elección dos órganos dirixentes debe ser feita dentro do período de tempo establecido nos Estatutos. En todo intre os elexidos poderán ser revocados si a maioría dos membros que os elexiron así o deciden.

—Tódolos cargos son reelegibles.

—Nas eleccións, no caso de que se presente máis dunha lista de candidatos, aplícarase o sistema proporcional. Débese intentar en beneficio da unidade propoñer unha candidatura única. No caso de non ser posible a candidatura única, aplicarase o sistema proporcional sobre a base de que aqueles candidatos da lista minoritaria que teñan saído elexidos na candidatura maioritaria contabilídense xa a efectos do cómputo final.

—Admitiránse á elección as listas de candidatos presentadas ou sostidas como mínimo, polo dez por cento dos afiliados á organización cúa elección se celebre.

As decisións dos Congresos ou de calquer outro organismo directivo, serán tomadas normalmente por maioría simple e son vencellantes (vinculantes) prá tódolos membros.

AUTONOMIA E DEMOCRACIA NAS POSICIONS SOBRE PROBLEMAS POLITICOS

O Sindicato nacional das CC.OO. de Galicia considera que é posible manter unha convivencia unitaria entre tódolos seus inscritos, ouservando os principios democráticos dos presentes Estatutos e os criterios que se desprenden dunha longa experiencia de vida sindical unitaria.

Constitúe garantía de unidade do noso Sindicato a conciencia que ten ido madurando no propio movemento sindical de que o Sindicato non pode ser, pola súa natureza e funcións, sede de conflitos ideolóxicos ou políticos. Nembergantes, o Sindicato non pode permanecer indiferente diante dos problemas políticos que interesan ós traballadores como clase, e, por tanto, debe valorar de xeito autónomo e democrático as propias posicións políticas inspirándose nos intereses xenerales dos traballadores e considerando como oxetivo prioritario e salvagarda da unidade da organización sindical.

Por esto, cando se trate de cuestións puramente políticas non previstas nos oxe-tivos xenerales fixados nos Estatutos ou nas resolucións dos Congresos e sobre os cales poideran xurdir diverxencias non inmediatamente superables, o Consello, ou en caso de ur-xencia o Secretariado en pleno, tomarán ha posición maoritaria, quedando en liberdade as posicións discrepantes para facer pública a súa propia opinión sobre a cuestión en litixo.

SOBRE A ACCION SINDICAL

Cada organización, o nivel que lle corresponda, ten a exclusiva iniciativa de acción sindical, responsable e cívica, que desenrolará consolidando a experiencia positiva dunha relación democrática cos traballadores en tódalas fases da loita —por medio das Asam-bleas— e tendo en conta as orientacións fixadas polo Sindicato pra vencellar a súa acción sindical á do conxunto dos traballadores. Consultará igualmente, cando sexa necesario, ás instancias superiores sobre os términos esenciaes das reivindicacións.

En canto á acción sindical concreta —i especialmente á folga— son competencia de cada organización interesada. A acción que interesa a máis dunha ponla (rama) terá que acordarse entre os orgaismos interesados no plano local ou provincial na Unión correspon-dente de CC.OO.; a nivel nacional os Sindicatos de ponla (rama) ou os organismos de dirección do S. N. das CC.OO. de Galicia, e no plano estatal as Federacións implicadas ou os organismos da máxima dirección da Confederación Sindical de CC.OO., ou sexa, o Consello confederal ou Secretariado).

ESTRUCTURA DO SINDICATO

A estrutura do Sindicato Nacional das CC.OO. de Galicia arrinca do lugar de tra-ballo e básiase nas Comisións Obreiras de empresa ou centro de actividade, artellándose por ponlas (ramas) de produción dende o nivel local o nacional e ó do Estado.

En cada localidade estableceráanse Sindicatos de CC.OO. por ponlas (ramas) de produción que formarán conxuntamente as Unións Sindicales de CC.OO. cos delegados elexidos polas diferentes ponlas.

Tales criterios son válidos prá formación de Unións Provinciales ás que se incorpo-rarán os delegados nomeados polas ponlas e localidades.

O Sindicato Nacional das CC.OO. de Galicia gobiñase polos seus propios Estatu-tos e é da súa competencia o establecemento de programas e orientacións pró traballo sin-dical nos seus respectivos ámbitos, sempre que non contradigan os Estatutos da Confede-ración.

OS ORGANOS DIRECTIVOS DO SINDICATO NACIONAL DAS CC.OO. DE GALICIA SON:

- O CONGRESO
- O CONSELLO
- O SECRETARIADO
- A PERMANENTE DO SECRETARIADO OU SECRETARIA PERMANENTE

O Congreso do Sindicato nacional das CC.OO. de Galicia é o máximo órgano deliberante e decisorio da estrutura organizativa a nivel de Galicia. Posto que o Sindicato se artella en estruturas de Sindicatos de ponla (rama) e horizontales ou Unións, os delegados ó Congreso serán elixidos, ben polos congresos da estrutura horizontal ou da estrutura de ponlas.

As proporcións en que estarán representadas cada unha destas dúas estruturas serán as que correspondan á súa forza numérica, según a normativa da convocatoria do Congreso.

SOBRE O CONGRESO

Son tarefas ou atribucións do Congreso as seguintes:

- 1.^a Determinar a orientación político-sindical do Sindicato.
- 2.^a Aprobar ou modificar o Programa Xeneral do Sindicato.
- 3.^a Decidir sobre a modificación dos Estatutos e sobre a liquidación do Sindicato. Semellantes decisións samente serán válidas cando se tomen por unha maioría cualificada de dous tercios dos votos representados.
- 4.^a Elixir o Consello.
- 5.^a Elixir o Secretario Xeneral do Sindicato.

O Congreso será convocado, como mínimo, cada dous anos ou cando o Consello, nas súa maioría e a cualificada de dos tercios, o considere oportuno. Neste caso trátase dun Congreso extraordinario.

O CONSELLO

E o máximo organismo deliberante e decisorio do Sindicato entre un Congreso e outro. Será convocado polo Secretariado polo menos tres veces ó ano, e cada vez que a maioría simple o considere oportuno.

Do Consello formarán parte, ademais dos elixidos polo Congreso, según o criterio proporcional, os membros do Secretariado, os Secretarios Xenerales das Unións Sindicales Provinciales e os Secretarios Sindicales de ponla (rama) constituídos. O seu número será de cen.

Son funcións do Consello Confederal:

- 1.^a Discutir e decidir sobre a política xeneral do Sindicato Nacional entre dos Congresos.
- 2.^a Elixir o Secretariado.

O SECRETARIADO

E órgano de dirección do Sindicato e o que leva á práctica as decisións tomadas no Congreso ou no Consello. Reúnese, como mínimo, unha vez ó mes en sesión plenaria.

O secretariado nomea as Comisións de traballo e fixa a cuantía das retribucións do persoal ó servizo do Sindicato.

Dentro do Secretariado elixirase unha Secretaría Permanente como órgano executivo e de dirección operativa do Sindicato, que deberá responder ante o Consello e ante o pleno do Secretariado e levar á práctica as súas decisións. Este Secretariado terá o Secretario Xeneral como representante público e legal do Sindicato.

A Secretaría Permanente reúne, polo menos, unha vez á semana, convocada polo Secretario Xeneral ou por unha terceira parte dos seus compoñentes; leva á práctica as decisións do Consello, do Secretariado Plenario e asegura a dirección diaria da actividade do Sindicato; mantén un contacto permanente con tódolos Sindicatos de ponla ou Unións a tódolos niveles. Tamén ten facultade pra deliberar e tomar decisións sobre cuestións que necesitan unha solución urxente.

O Secretariado Permanente asegura a organización e funcionamento de tódolos servizos centrais do Sindicato e nomea o personal técnico.

E tamén o responsable das publicacións oficiais do Sindicato así como das tomas de posición públicas urxentes do mesmo.

Unha función específica do Secretariado Permanente é a coordinación dos traballos da Secretaría en pleno, das Comisións de traballo e dos servizos técnicos do Sindicato.

Tanto o Secretariado en Pleno como a Secretaría Permanente funcionarán colexiadamente sobre a base de responsabilidades individuais en esferas específicas de traballo.

SOBRE AS COTAS DO SINDICATO

Das cotas pagadas polos afiliados ó Sindicato unha parte irá a nivel estatal e outra a nivel nacional, e outra ás Federacións de ponla e as organizacións locais. Os seus porcentaxes serán fixados respectivamente polos órganos directivos da Confederación, neste caso polo Secretariado en Pleno, previa e necesaria discusión e entendemento coas organizacións directamente interesadas e sobre a base do criterio do reparto establecido polo Consello do Sindicato Nacional das CC.OO. de Galicia.

COMISIONS DE CONTROL ADMINISTRATIVO

En cada unha das organizacións do Sindicato ouservanse as seguintes normas de control administrativo:

- a) Elección, por parte do Congreso correspondente, dunha Comisión de Control, composta por cinco membros, cuxa función será a de controlar o funcionamento administrativo, a oportunidade dos gastos e a correcta xestión económica e patrimonial.
- b) Presentación, por parte da Comisión de Control ós seus respectivos Congresos, de informes relativos á xestión prá que foron nomeados.
- c) Recopilar e supervisar cada ano os balances e presupostos, i elaborar un informe para someter todo isto ó coñecemento do Secretariado e posterior presentación o Congreso prá súa aprobación.

SOBRE A SOLIDARIDADE INTERNACIONAL DOS TRABALLADORES

O Sindicato nacional das CC.OO. de Galicia fai seus os criterios que a Confederación Sindical das CC.OO. propón e que son os seguintes:

A clase obreira tense caracterizado, a través da súa historia, como unha clase fundamentalmente internacionalista. Nesta época de gran concentración capitalista a escala mundial e de poderosas empresas multinacionais, a solidariedade entre os traballadores de tódolos países resulta vital, tanto pró logro das reivindicacións inmediatas como prós cambios sociais que liberen ós traballadores do asoballamento.

A C. S. de CC.OO. asume a historia da nosa clase e decide establecer e reforzar as súas relacións solidarias con tódolos sindicatos do mundo, e a tódolos niveles, independentemente da súa afiliación ou non afiliación ás Confederacións ou Federacións mundiais aínda existentes.

Mantén a decisión de non afiliarse a ningunha destas organizacións mundiais.

Por ter considerado, dende a súa fundación, como moi positiva a creación da Confederación Europea de Sindicatos, que acolla a tódolos sindicatos de Europa, independentemente das súas tendencias, a Confederación Sindical de CC.OO. reafirma a decisión de xestionar o seu ingreso nesa Confederación, cos mesmos dereitos e deberes das xa confederadas.

Mentras no se produzan os cambios político-sociales que eliminen a emigración forzada de traballadores, a Confederación Sindical de CC.OO. apoiará dentro e fora do país as reivindicacións específicas dos emigrantes, así como as dos traballadores que traballen en España.





AFILIATE

a

CC.OO.

5^a
It's.